

COMUNICADO Nº 307/23
15 DE NOVIEMBRE DE 2023

· CALENDARIOS 2024.

1.- Non se poderá incluír no calendario oficial ningunha competición no territorio da Comunidade Autónoma Galega sen o correspondente Permiso de Organización expedido pola F. G. de A.

2.- Non se poderá incluír no calendario ningunha proba que:

A.- Teña débedas pendentes de exercicios anteriores coa Federación Galega de Automobilismo. Se non estivesen regularizadas, **non poderán calendar probas para a tempada 2024.**

B.- Teña débedas pendentes no que atangue o abono dos premios en metálico das probas celebradas con anterioridade. De non estar ao corrente, **non poderán calendar probas para a tempada 2024.**

C.- Non presente previamente á data da Asemblea, o aval correspondente xunto co abono dos dereitos de calendario.

3.- Serán puntuables para os distintos Campionatos e Copas establecidos, as probas que se especifican en cada un dos Regulamentos Xerais dos mesmos, e as que designe a Comisión Delegada.

4.- Salvo autorización da F.G. de A. estará **prohibida** a utilización da denominación "GRAN PREMIO".

5.- Nas probas dos Campionatos de Galicia non se aceptará ningún cambio de data de celebración que non estea motivado por unha causa de forza maior, a criterio exclusivo da F.G. de A. Tódolos cambios da data de celebración deberán ser aprobados pola Comisión Delegada.

6.- A falta de motivo suficiente para a anulación dunha proba, a criterio exclusivo da F.G. de A., leva consigo a perda da súa calidade de proba puntuable para o Campionato e, ademais, poderase rexeita-la súa inclusión no Calendario Deportivo.

7.- No caso de ser anulada unha proba puntuable para algún Campionato ou Copa, poderá ser substituída por outra, a exclusivo criterio Comisión Delegada da F.G. de A. Se debido a tódalas anulacións, descendera o número total de probas puntuables por debaixo do mínimo esixido no Regulamento Xeral do Campionato en cuestión, a F.G. de A. poderá modificar o número das probas retidas e, incluso, declarar deserto o correspondente Campionato.

8.- Tódalas probas que non formasen parte do calendario da tempada 2023 e soliciten a súa inclusión no calendario da tempada 2024, presentarán o abono de dereitos de calendario e o aval correspondente, o cal **non garantizará a súa inclusión.** Valorarase a súa inclusión segundo as datas libres de probas e a idoneidade da súa incorporación ao Campionato correspondente da súa especialidade.